

A ANÁLISE SINTÁCTICA

A) CONSIDERACIÓNS XERAIS


1. Empregarase a representación arbórea rematada en análise morfolóxica.
2. É moi importante respectar a alternancia entre **unidades** (en minúscula) e **funcións** (en MAIÚSCULA).

B) FUNCIÓN

1. As funcións (papel que cumpre unha determinada unidade dentro doutra) identificaranse por criterios formais: que teñan ou non preposición, concordancia ou substitución pronominal, dependendo de cada caso.
2. Distinguiremos as seguintes funcións (**dentro da oración**): SUXEITO, CD, CI, C. PREDICATIVO, ATRIBUTO, SUPLEMENTO, CC e C AXENTE. Nunha mesma oración non pode repertirse a mesma función, agás no caso dos CC, que si poden existir máis dun na mesma oración.

- **CD**: non leva preposición, excepto nos seguintes casos, que leva *a*:
 - con nomes propios: *Vin a Xulia na rúa.*
 - con nomes de parentesco na estrutura posesivo+substantivo: *Vin a túa nai na rúa.*
 - con pronomes persoais: *Vino a el na rúa.*
 - co indefinido todos/as: *Vinos a todos na rúa.*
- **CI**: leva sempre preposición *a* e admite substitución pronominal. Os complementos con preposición *para* analizaranse como CC. Pénsese que oracións como a seguinte non permiten consideralos CI: *Comproulle unhas rosas a Carme para María.* Aquí o CI é *a Carme* (comproulle), daquela *para María* non pode ser tamén CI, ten que ser outra función.
- Para distinguir entre determinados tipos de CC e algúns SUPL ou PREDTVO, teremos en conta que os CC son elementos satélites (=prescindibles) na maioría dos casos, mentres que os SUPL son nucleares (=indispensables). Por ex: comparemos *Chegou canso de traballar* con *Chegou moi rápido*; *canso de traballar* é máis nuclear que *moi rápido*, por iso no 1º caso faláramos de PREDTVO e no 2º de CC.
- **C PREDICATIVO**: habitualmente son adxectivos concordando co SUX ou CD (Os rapaces chegaron **cansos**; Devolveron **rotos** os zapatos); pero tamén se terán en conta casos de fr. prep. nesta función: Púxose **de morros** porque non lle facía caso. Non o analizamos como CC porque é nuclear.
- Os CC son unha especie de caixón de xastre onde metemos todo o que non cabe nas outras funcións. Non os imos subclasificar como se facía tradicionalmente porque iso sería empregar criterios semánticos e non formais como recomendamos no punto 1. De todos modos, aquí entrarían exemplos moi diversos como os seguintes: *Fixo un cesto con vimbios*, *Digocho como nai*, *Vin a María cunha amiga*, *Casou con ela polos seus cartos*, *Traballa moito para acabar axiña*.
- Cando aparece o CD ou o CI representados por un pronome e logo explicitados lexicamente non se deben poñer dúas funcións porque realmente só hai unha. Proponemos a seguinte representación:

Colleulle a mazá a Félix



3. **Dentro da frase** as funcións son as seguintes (entre paréntese colocamos aquelas que son optativas):

- a) **Frase nominal** → (DET) + NÚCL (=substantivo) + (MOD). *Ex: Os percebes de Camelle*
- b) **Frase verbal** → NÚCL (=verbo). *Ex: xantabamos*
- c) **Frase adxectiva** → (MOD) + NÚCL (=adxectivo) + (MOD). *Ex: moi propensa a catarros*
- d) **Frase preposicional** → REL. (=prep.) + TERMO (=f.nom ou f.adx.). *Ex: de exquisito sabor*
- e) **Frase adverbial** → (MOD) + NÚCL (=adverbio / loc. adv.) + (MOD). *Ex: tan perigosamente*


C) UNIDADES

Distinguiremos **frase** (ou sintagma) e **oración** (simple e composta).

1. A frase


A frase é o conxunto de palabras que realizan a mesma función nunha oración.

- Dentro da frase nominal incluímos aqueles casos en que o nominal sexa un pronome persoal; por ex. *Eles bailan* é unha oración constituída por unha frase nominal cun NÚCLEO *eles* e outra frase verbal cun NÚCLEO *bailan*.
- Non debe haber dous determinantes no mesmo nivel de análise, polo tanto os casos de artigo + posesivo (*o teu caso*) ou de artigo + numeral (*os tres casos*) ou artigo + indefinido (*os outros casos*) pódense analizar así:





- Outros casos problemáticos: nos ex. do tipo *todos os casos* consideramos que todos é un modificador, pois presenta unha mobilidade inexistente nos ex. anteriores: *os casos todos* vs. **os casos outros* e **os casos tres*. Se o que temos é o posesivo posposto (*o caso teu*) teremos que analizar como DET+NÚCL+MOD.
- A substantivación: estes casos seguiremos analizando como frases nominais, coa peculiaridade de que o NÚCLEO xa non será exclusivamente un substantivo, senón un adxectivo, un adverbio, un verbo, unha frase preposicional ou mesmo unha oración. Isto suporía ampliar a definición de f. nominal, que xa non sería só a que presenta como NÚCLEO un substantivo senón tamén aquelas nas

que haxa substantivación, é dicir, unha estrutura DET + NÚCLEO, sexa cal sexa a unidade. Vexamos uns exemplos:



- Se o que temos é un uso pronominal do posesivo (**o teu é máis bonito**) podemos ter dúas posibilidades: de acordo cos ex. anteriores consideramos que é unha substantivación e entón analizamos unha f. nom cun DET (o) + NÚCL (teu); ou en coherencia co ex. de **o teu caso** supoñemos que hai unha elisión do núcleo e teríamos: DET+ DET+ (NÚCL).
- Consideramos o DET como función sintáctica (función de determinación) e, polo tanto, na análise morfolóxica falaremos de artigo, posesivo, demostrativo... pero non de determinante.
- Nas APOSICIÓNNS temos dúas posibilidades: un NÚCL e un MOD tendo en conta a orde na que aparezan; posto que son intercambiabes este é o único criterio aplicable. Así: tanto *Mostovoi, o heroe de Vigo* como *O heroe de Vigo, Mostovoi* presentarían a mesma análise NÚCL + MOD (aposición) ; ou ben acuñamos o termo **construción apositiva**, que constaría de dous núcleos e que nos permitiría agrupar aquí casos de nome + apelido que, doutro xeito, terían que ser analizados como NÚCL+ MOD. Vexamos:





2. A oración

A oración é unha unidade con significado que contén obrigatoriamente a función **PREDICADO**, que está desempeñada sempre por ou verbo ou unha perífrase verbal.

Diferenciamos entre **oración simple** (=1 PRED) e **oración composta** (=2 ou máis PRED). Dentro da composta distinguimos coordinadas de subordinadas.

a) Oracións compostas coordinadas

{


Copulativas (e, e mais, nin,...)

Disxuntivas (ou, ou ben, xa, ...)


Distributivas (ou...ou, ben...ben, xa...xa, ...)

}

- En relación ás copulativas a gramática tradicional distinguía a xustaposición (*Comeu, ergueuse, marchou*), pero nós imos analizar todo igual, coa salvidade de que os NEXOS son signos de puntuación.
- O esquema xeral de análise sería como segue (aínda que pode haber máis de dous membros):



- Outro problema é que facer coas partículas negativas. Aínda que a proposta tradicional é analízalas como CC, quizais sexa preferible ligalas ao verbo como partículas que en realidade non teñen unha verdadeira función sintáctica. Graficamente quedaría coma no exemplo seguinte.
- Ante casos como o que segue cremos conveniente falar tamén de **construcións coordinadas** cando o que se usa sexan unidades de distinto tipo:




b) Oracións compostas subordinadas

Poden ser de **relativo**, **substantivas**, **adverbiais** (de lugar, tempo, modo e finalidade) e **bipolares**, que se subclasifican en:

- a) **Adversativas:** TESE / ANTÍTESE. (Pero, mais, así e todo, senón, non obstante...)
- b) **Concesivas:** OBXECCIÓN / CONCESIÓN. (Aínda que, a pesar de que, malia que,...)
- c) **Condicionais:**CONDICIONANTE / CONDICIONADO. (Se, con tal que, sempre que ...)
- d) **Causais:** CAUSA / CONSECUENCIA. (Porque, pois, a causa de que, por culpa de que, por mor de, ...)
- e) **Consecutivas:** ANTECEDENTE / CONSECUENTE. (Tan/tanto...que, así que, de modo que...)
- f) **Comparativas:** 1º TERMO / 2º TERMO. (Tanto...coma, máis...ca/que, menos...ca/que)


SUBORDINADAS DE RELATIVO

Desempeñan a función de MOD dunha frase nominal. Teñen como nexos os pronomes relativos *que*, *quen* e *o/a cal*, *os/as cales*, *cuxo/a*, *cuxos/as* ou os adverbios relativos *cando*, *como*, *canto* e *onde* (teñen que levar antecedente). Ex: *Comprei un libro que me custou moi caro*. *Esa é a librería onde traballa*. *Gústame a maneira como baila*. O esquema xeral de análise sería o que segue (o relativo ten dobre función de NEXO e mais outra na súa oración; sacamos o trazo do NEXO de máis arriba para diferencialas graficamente):



SUBORDINADAS SUBSTANTIVAS OU COMPLETIVAS

Desempeñan todas as funcións que pode ter unha f. nominal. O NEXO máis habitual é *que*:




De todos modos, tamén poden levar outros NEXOS nas interrogativas indirectas: como, cando, canto, onde e se: *Preguntou canto lle ían pagar. Ignoro cando volve. Preguntou se regresara. Quería saber onde traballaba.*

SUBORDINADAS ADVERBIAIS

Funcionan de CC e os seus NEXOS varían dependendo do subtipo:


- De lugar: *onde* (sen antecedente, se o levase sería de relativo): *Onde nós estábamos ía moito vento.*
- De tempo: *cando, mentres, antes, despois de que* etc.: *Cando cheguei, a comida xa estaba feita. Chegaron antes de que tocara o timbre.*
- De modo: *como, segundo, conforme, de xeito que...*: *Castiga o alumnado como o castigaban a el. Abre a modo, de maneira que non esperten.*
- De finalidade: incluímos aquí e non nas bipolares porque non constan de dúas partes fixas: *para, a fin de que...*: *Acaba para que poidamos marchar.*

Cando cheguei, a comida xa estaba feita




ORACIÓN DE INFINITIVO


Adoitan conformar oracións completivas (coa particularidade de que non levan NEXO):



Dado o carácter nominal do infinitivo é habitual que apareza con elementos propios dunha frase nominal:




De todos os modos, nas construcións AO + INFINITIVO o que temos é unha subordinada adverbial:




ORACIÓNS DE XERUNDIO

Xeran oracións subordinadas adverbiais:




ORACIÓNS DE PARTICIPIO

Na maior parte dos casos analízanse coma se fose un adxectivo puro, coa única salvidade de que na análise morfolóxica aparece participio:



Pero hai que prestarlle atención ás chamadas **CONSTRUCCIÓNS DE PARTICIPIO ABSOLUTO**, nas que o participio xa presenta carácter verbal e, daquela, conforman oracións subordinadas adverbiais:



ACTIVIDADES

1. Identifica as funcións sintácticas das oracións do seguinte poema:

Monólogo do vello traballador

Agora tomo o sol. Pero ata agora
traballei cincuenta anos sen sosego.
Comín o pan suando día a día
nun labourar arreo.
Gastei o tempo co xornal dos sábados,
pasou a primavera, veu o inverno.
Dinlle ao patrón a flor do meu esforzo
e a miña mocidade. Nada teño.
O patrón está rico á miña conta,
eu, á súa, estou vello.
Ben pensado, o patrón todo mo debe.
Eu non lle debo
nin sequera este sol que agora tomo.
Mentres o tomo, espero.

Celso Emilio Ferreiro: *Longa noite de pedra*

2. Indica se os seguintes CD deben levar ou non preposición a:

1. El di que nunca viu (a) ninguén.
2. Mandeina (a ela) para avisar de que non viña.
3. Vimos (a) eses nenos durmindo na rúa.
4. Atopei (a) Luísa na praza, pero só a saudei.
5. Presentáronme (a) o irmán da túa amiga.

6. Non coñecía (a) os amigos que ían canda ti onte.
7. Levamos todo o día buscando (a) teu pai.

3. Analiza as seguintes oracións coordinadas:

1. Chamei por teléfono varias veces a Marcos Aldrei e non o localicei.
2. Preparou unha torta de chocolate, comérona enteira e logo non daban durmido.
3. Nin eu llo pedín nin ela che mo deu.
4. Gustáballe o pelo moi curto e con mechas coloradas e á súa nai sempre lle parecía un entroido.
5. Non te quero ver diante nin saber nada de ti.
6. Ben vai cos da feira ben volve cos do mercado

4. Distingue entre subordinadas de relativo, substantivas e adverbiais e logo analízalas:

1. A casa onde nacín mantense aínda en pé.
2. Cada vez son máis os humanos que están afectados pola gripe aviar.
3. Puxeron unha panadaría onde antes estaba a farmacia.
4. Dime dunha vez canto che custou a chaqueta.
5. Cada vez son máis os que deixan de fumar.
6. Nesa reportaxe dixeron que a taxa de nenos e nenas que sofren obesidade é cada vez máis alta.
7. Xa non sei como dicirche que pares quieta.

5. Localiza todos os *que* do seguinte texto e indica o seu valor:

Coa ofensiva chegaran algúns personaxes novos, sobre todo cooperantes. Un deles estívome explicando o pésimo que era a información que se recibía en España sobre o conflito. O feito de que eu fose, entre moitos outros, un dos que escribían esa información, non pareceu afectarlle o máis mínimo. Para el, os xornais estaban cheos de mentiras e manipulacións. Que xornais lía? En realidade, confesou, ningún. Por que? **Porque** estaban cheos de mentiras e manipulacións. Tiña outras fontes de información? Non, en realidade non. Pero intuitivamente, sabía que o que contabamos, fose o que fose, era mentira. É curioso canta xente hai no mundo que pensa deste xeito. A miúdo riamos cavilando na realidade do traballo dun correspondente nun conflito. Parecía que só nós sabíamos que tratar de decatarse de algo en medio do caos informativo, as limitacións físicas e de tempo eran factores de distorsión da información moito maiores que a presión da liña editorial dos nosos xornais que, **se** existía, era errática e fácil de esquivar.

Escapulinme del e sumeime ao grupo dos xornalistas. Estaban bébedos, falando en serio de organizar nós tamén un equipo de fútbol **para** enfrontarse ós espías.

Estabámolo pasando todos ben, **mais**, inevitablemente, non eramos quen de gozalo. A guerra volvía unha e outra vez ás conversas, **aínda que** intentásemos escorrentala, polo menos por unha noite, como quen intenta escorrentar unha mosca.

M. A. Murado: *Fin de século en Palestina*

6. Indica tamén que tipo de oracións introducen os nexos destacados en letra grosa no texto anterior.

7. Analiza:

- a) Desprezar o seu idioma é desprezarse a si mesmo.
- b) Inmaculada Echevarría é unha muller de 51 anos que padece distrofia muscular progresiva.
- c) Garda a chuleta para que non te cache o profesor cando pase pola túa beira.
- d) Garda a chuleta antes de que te volva cazar o profesor.
- e) A compañía Iberia infórmaos de que debaixo dos seus asentos están os chalecos salvavidas, que deberán utilizar en caso de emerxencia.
- f) Os rapaces todos encheron os petos de pedras e comezaron a correr detrás dos tres cans acantazándoos sen piedade ningunha.

REFORZO E AMPLIACIÓN

1. Localiza e clasifica todos os *que* do texto:

Valentín Lamas Carvajal, xunto con Curros e Rosalía, foi o escritor máis popular do Rexurdimento, o que contrasta co papel secundario que vén ocupando ao lado da tríade formada por «a Rula, o Bardo e o Rebelde». Ademais de consideracións de orde estética, as descualificacións que inicialmente lle dedicou Murguía e unha certa desatención cara á súa produción por parte dos homes da época Nós contribuíron a desprazar ao cego ourensán do lugar preeminente dentro do canon das letras galegas; e isto pese á loanza con que o favoreceron en vida os críticos galegos e a mesma Emilia Pardo Bazán, esta última desde unha posición paternalista, movida polo seu afán de fixar uns límites á literatura galega, a cal, segundo ela, debía manterse no canto primitivista, costumista e sentimental.

2. Busca neste texto dous exemplos de *que* completivo e outros dous de *que* relativo; neste caso indica tamén o seu antecedente:

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados **como** era o seu pai; **pero** denantes de saír da casa botoulle unha ollada ao retrato.

Os americanos xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no *peirán* do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado. De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor e canto máis se achegaba o americano máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o americano pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de querele.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballe que aquel era o seu pai. O rapaz debecíase por bicalo a faltar. Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o americano pasou de largo e nin tan sequera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno. Migueliño escolleu así moitos máis que non eran e a todos quixo tolamente. E **cando** esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazado a súa nai. Era un home que non se parecía ao retrato; un home moi fraco, metido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

A. R. Castelao: *Cousas*

3. Indica que tipo de oracións introducen os nexos destacados no texto anterior.

4. Ás veces, un mesmo nexos introduce oracións de diferente tipo; sinala as diferenzas nos seguintes exemplos:

- Dille **se** non se lembra das que me debe. // Dille, **se** non se lembra, que me debe un favor.
- Paréceme agora **que** lle caía a casa enriba. // Tes que velo agora, **que** pasa as de Caín. // Voume deitar, **que** mañá teño que madrugar.
- Sempre viviu **onde** naceu. // Colocaron unha placa na casa **onde** naceu. // Nunca soubo de certo **onde** naceu.
- Danche a axuda **sempre que** esteas sen un can. // Danche a axuda **sempre que** estás sen un can. // Ti dis **sempre que** estás sen un can.
- Intúo **cando** me queren enganar. // Enfádome **cando** me queren enganar.
- Admíroa polo xeito **como** fai todo. // Gustárame ver **como** fai todo ese traballo. // Fixo iso **como** fai todo: moi ben. // **Como** ela o fai todo ben, xa non me preocupo.

5. Analiza:

1. Insisto no dito por min noutra sesión.
2. Hai linguas que gozan de excelente estado de saúde.
3. Vistos os resultados será mellor empezar de cero.
4. Ao chegardes, collede a cea que vos deixei no forno.
5. Supuxo que cho ocultaran por medo a que te enfadases.
6. Chorando non vas conseguir nada.
7. O cansazo fixo imposible que o Rápido obtivese os tres puntos naquel partido.
8. Daquela era unha ruta case esquecida que o peregrino ía reabrindo paso a paso.

Solucións:

1. "o que contrasta co papel secundario que vén ocupando"
"as descualificacións que inicialmente lle dedicou Murguía"
"isto pese á loanza con que o favoreceron en vida os críticos"

Todos os *que* son de relativo.

2. *Que* completo: "... o corazón dáballe que aquel era o seu pai".
"... nin tan siquera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno".
"... fíxose cargo de que un home estaba abrazando a súa nai".

Que relativo: "Migueliño escolleu así moitos máis que non eran..." Antecedente: moitos máis
"Era un home que non se parecía ao retrato" Antecedente: un home.

3. *Como*: subordinada completiva

Pero: bipolar adversativa

E: coordinada copulativa

Cando: subordinada adverbial

4.

- Dille **se** non se lembra das que me debe. // Dille, **se** non se lembra, que me debe un favor. Completiva vs. condicional
- Paréceme agora **que** lle caía a casa enriba. // Tes que velo agora, **que** pasa as de Caín. // Voume deitar, **que** mañá teño que madrugar. Completiva vs. relativo (antecedente agora) vs. causal (=porque)
- Sempre viviu **onde** naceu. // Colocaron unha placa na casa **onde** naceu. // Nunca soubo de certo **onde** naceu. Adverbial vs. relativo (antecedente na casa) vs. completiva
- Danche a axuda **sempre que** esteas sen un can. // Danche a axuda **sempre que** estás sen un can. // Ti dis **sempre que** estás sen un can. Condicional (=se) vs. adverbial (=cando) vs. o nexos é só *que* e introduce unha completiva.
- Intúo **cando** me queren enganar. // Enfádome **cando** me queren enganar. Completiva vs. adverbial
- Admíroa polo xeito **como** fai todo. // Gustárame ver **como** fai todo ese traballo. // Fixo iso **como** fai todo: moi ben. // **Como** ela o fai todo ben, xa non me preocupo. Relativo (antecedente o xeito) vs. completiva vs. adverbial vs. causal.